



BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS PARA A MODERNIZACIÓN, MELLORA, ADAPTACIÓN E DIXITALIZACIÓN DO SECTOR ECONÓMICO E COMERCIAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

A crise económica provocada polas medidas adoptadas para por freo a expansión da pandemia COVID-19 está a castigar ao tecido económico e produtivo dos municipios, en especial ás actividades desenvolvidas polas pequenas empresas do sector comercial e de servizos con atención directa ao público que, primeiro, tiveron que pechar a súa actividade, e despois, intentar recuperala nunhas condicións moi limitativas e coas necesarias restricións para evitar a propagación da pandemia.

O Concello de Pontevedra estivo adoptando todas as medidas da súa competencia e aquelas de emerxencia necesarias para facer fronte á pandemia, en coordinación coas outras Administracións Públicas competentes. Con todo, é necesario continuar apoiando a aqueles sectores que se viron máis afectados pola crise derivada da COVID-19, implementado actuacións que axuden a paliar as súas consecuencias nos sectores económicos e comerciais da cidade, que impulsan o emprego e son parte fundamental da nosa cidade.

Segundo a comisión de expertos formada para asesorar á Xunta de Galicia sobre como minimizar o impacto da crise derivada do coronavirus, a liña de complementariedade e non duplicación de actuacións coa mesma finalidade é a máis correcta, e precisamente nesta liña de complementariedade e non solapamento, o Concello de Pontevedra quere dedicar os seus esforzos ao establecemento dunha subvención a favor de autónomos e microempresas destinada a financiar aqueles ámbitos que non están cubertos polas axudas aprobadas por outras administracións públicas.

Con todo, tendo en conta que o establecemento destas axudas non constitúen unha competencia propia do Concello de Pontevedra, en cumprimento do disposto no artigo 3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, formulouse a correspondente consulta á Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, entidade que concluíu en informe do 28/07/2021, que *“non é preciso ningún dos informes establecidos no artigo 3.4 da dita lei, é dicir, os referidos á duplicidade e sostibilidade financeira, sempre e cando as axudas estean motivadas e vinculadas cos feitos xustificativos do estado de alarma ou emerxencia sanitaria e teñan como prioridade limitar en todo o posible os efectos da crise provo cada pola pandemia do coronavirus, dentro do marco temporal de vixencia do estado de alarma ou da declaración de emerxencia sanitaria”*.

Xa que logo, coa intención de reactivar o tecido económico local máis vulnerable e afectado pola crise da COVID, establécese esta subvención para persoas autónomas, pemes (incluías as microempresas) e entidades de economía social previstas nas bases, que desenvolvan a súa actividade profesional, comercial ou económica nun establecemento ou local con atención directa ao público pois o que se pretende é garantir a pervivencia da economía local de proximidade facilitando a súa reactivación ante a situación de emerxencia derivada da pandemia.

A finalidade destas axudas é financiar os investimentos para a modernización, mellora, adaptación e dixitalización dos locais e establecementos comerciais de Pontevedra, complementado o conxunto de medidas de fomento adoptadas polas diferentes Administracións Públicas, sendo compatible con todas elas.

1ª.) FINALIDADE E OBXECTO.

1.- As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, destinadas a financiar a innovación, modernización e reactivación do sector económico, comercial e empresarial do Concello de Pontevedra, coa finalidade de paliar as consecuencias da crise provocada pola COVID-19.

As subvencións previstas nestas bases teñen por obxecto fomentar accións de modernización e mellora de locais, centros de traballo e establecementos empresariais e comerciais de Pontevedra con atención directa ao público.



2.- Os obxectivos e finalidades que se pretenden acadar co establecemento da subvención son os seguintes:

- a) Preservar o tecido profesional e da pequena empresa de Pontevedra, afectados polas limitacións e medidas das autoridades sanitarias para facer fronte á crise sanitaria provocada pola COVID-19.
- b) Protexer o interese xeral da cidadanía de Pontevedra, dando soporte ás persoas traballadoras autónomas e PEMES, incluídas microempresas, afectadas pola crise da COVID-19, que son na súa maioría comercios, actividades e establecementos de proximidade que teñen un forte impacto no tecido económico produtivo da cidade.

2ª.) RÉXIME XURÍDICO.

A concesión destas axudas rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, pola lexislación básica do estado en materia de réxime local, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polo disposto na Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3ª.) APLICACIÓN ORZAMENTARIA E CONTÍA MÁXIMA DA SUBVENCIÓN.

Para o financiamento destas subvencións destínase unha contía total máxima de 600.000,00€ que se imputará á aplicación orzamentaria 01.431.0-770.01 do orzamento do Concello do ano 2021.

A contía máxima de cada axuda será de 5.000 euros por solicitude.

A porcentaxe subvencionable poderá chegar ata o 70% do custe da actuación ou proxecto, debido ás especiais razóns de interese público e social que concorren na presente axuda, estando obrigadas as persoas/entidades solicitantes a financiar con fondos propios, como mínimo, o 30% da actuación ou proxecto subvencionado.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine na presente convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007.

A subvención que se outorgue será incompatible con outras axudas ou subvencións de entes públicos ou privados.

4ª.) BENEFICIARIAS.

1.- Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas e entidades comprendidas nalgunha das seguintes categorías:

a) Pequenas e medianas empresas (PEMES), incluídas as microempresas, que empreguen a menos de 50 persoas e cun volume de negocios anual que non superen os dez millóns de euros, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

b) As seguintes entidades da economía social que ocupen a menos de 50 persoas e cun volume de negocios anual que non superen os dez millóns de euros: sociedades cooperativas galegas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego. Estas entidades deben cumprir coa definición de microempresa establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.





c) Persoas emprendedoras que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, que cumpran os requisitos de empregados/as e facturación sinalado para os apartados anteriores.

2.- As beneficiarias deberán de reunir os seguintes requisitos:

a) Ter o seu domicilio social e fiscal no Concello de Pontevedra e desenvolver a súa actividade económica nun local, establecemento ou centro de traballo determinado aberto ao público e con atención directa a este que estea situado no Concello de Pontevedra. No caso de persoas emprendedoras sinaladas no apartado 1. c) o domicilio fiscal poderá estar noutro Concello, pero deberán desenvolver a súa actividade nun local ou establecemento situado no Concello de Pontevedra.

b) Que estean dados de alta no Imposto de Actividades Económicas.

c) Consonte co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as beneficiarias deberán atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Pontevedra, coas facendas Públicas (estatal e autonómica) e coa Seguridade Social, non poden estar incursas en ningunha das prohibicións para recibir subvencións enumeradas no artigo 13 da mesma norma e non poden ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello de Pontevedra.

3.- A mesma persoa ou entidade solicitante só poderá ser beneficiaria dunha axuda, que poderá destinar a un ou a varios establecementos abertos ao público dos que dispoña.

4.- Están excluídas desta convocatoria, polo que non poderán ser beneficiarias da subvención, as seguintes actividades económicas, empresariais ou profesionais: empresas e establecementos comerciais de alimentación e bebidas, establecementos farmacéuticos, establecementos e actividades médicas, ópticas e comercio de produtos ortopédicos, gasolineras, estancos e lavanderías.

Tamén están excluídas as entidades sen ánimo de lucro e as persoas físicas distintas das sinaladas no apartado un.

5.- Non poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades e profesionais que resultaron beneficiarias da convocatoria de subvencións aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra de data 25/09/2020, cuxo extracto foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 188 de 29/09/2020 (PLAN SUPERA 20/expte. Referencia 2020/SUBCC/000011), agás que renunciaran a axuda e tivesen reintegrado, no seu caso, os fondos percibidos.

5ª.) ACTUACIÓNS E GASTOS SUBVENCIONABLES.

1.- Serán subvencionables os investimentos dirixidos á modernización, mellora, adaptación e dixitalización dos negocios e/ou das actividades económicas, comerciais e profesionais do Concello de Pontevedra aos que vai dirixida a subvención.

Só se subvencionarán os gastos de investimento realizados nos locais, establecementos comerciais ou centros de traballo que foran efectivamente executados e pagados entre o 14/03/2020 e o 31/12/2021 sempre que se manteña a situación declarada de emerxencia sanitaria, comprendidos algunha das seguintes categorías:

a) Gastos de dixitalización e de implementación de tecnoloxías dixitais: adquisición de equipamentos para procesos informáticos, adquisición de ordenadores e demais conxuntos electrónicos de comunicacións e de procesos de datos, adquisición de hardwares e/ou aplicacións informáticas para a mellora e modernización da xestión comercial, hosting e servizos web, dominio en internet e outros gastos semellantes.

b) Gastos destinados a obras ou actuacións para a mellora na accesibilidade exterior e interior dos



locais, establecementos ou centros de traballo nos que se exerza a actividade económica, comercial ou profesional, tales como as obras de mellora de acceso aos locais, obras para a mellora da accesibilidade interior, acondicionamento acústico, adaptación de aseos e outras actuacións e gastos que teñan por finalidade facer máis comprensibles, utilizables e practicables os establecementos.

c) Gastos destinados á renovación, embelecemento e ornato dos locais, establecementos ou centros de traballo nos que se exerza a actividade económica, comercial ou profesional; incluíranse neste apartado as obras e investimentos para o acondicionamento de escaparates, renovación e mellora da rotulación e sinalética, obras para o embelecemento e ornato de fachadas, investimentos e adquisición de equipamentos para a mellora da imaxe comercial.

d) Gastos destinados a actuacións e obras para a redución do consumo de enerxía e mellora da eficiencia enerxética. Poderán incluírse nesta categoría os gastos en obras e investimentos para a mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de climatización, electricidade, iluminación e adaptación á reciclaxe.

e) Outros gastos necesarios para a mellora da actividade: entrarán nesta categoría os gastos pola adquisición de mobiliario, por peches de protección de escaparates ou pola adquisición de maquinaria destinada ao funcionamento operativo dos locais ou negocios que non entre nas anteriores categorías.

f) Gastos destinados á adquisición de vehículos comerciais destinados á actividade económica e/ou profesional das entidades ou persoas beneficiarias.

2.- Quedan excluídos da subvención os gastos correntes en bens, servizos e subministracións e os investimentos e gastos que non estean incluídos nalguna das anteriores categorías. Ademais, os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados e vinculados coa finalidade dos proxectos ou actuacións establecidas nesta convocatoria.

3.- Non será subvencionable o IVE nin outros impostos recuperables, polo que todas as referencias contidas nestas bases ao orzamento e contía das actuacións subvencionadas refírense a importes sen IVE. Tampouco se considerarán gastos subvencionables os tributos satisfeitos ao Concello de Pontevedra.

4.- O orzamento máximo das actuacións para as que solicita subvención será de 12.000€, sen IVE. Non se subvencionarán proxectos nin actuacións cuxo custe sexa inferior aos 1.000€ (sen IVE).

5.- No caso de rematar a situación declarada de emerxencia sanitaria antes do 31/12/2021, e para as solicitudes referidas a gastos executados unha vez rematada a devandita situación de emerxencia e sempre antes do 31/12/2021, a concesión de axudas estará condicionada á previa emisión dos informes regulados nos artigos 3.4 e seguintes da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.

6ª) CRITERIOS PARA A PUNTUACIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS.

6ª.1. Criterios de puntuación.

A concesión das axudas realizarase logo da comparación das solicitudes presentadas. Os criterios que servirán para determinar a puntuación e a orde de preferencia das solicitudes serán os seguintes:

A) Esfuerzo máximo da solicitante: Porcentaxe de financiamento propio, sobre o total da actuación, que asume a persoa ou entidade solicitante para a execución do proxecto ou actuación subvencionada (ata 15 puntos).

- Por achegar entre o 30% e o 40% de financiamento propio ao proxecto subvencionado: 5 puntos.





- Por achegar entre o 41% e o 50% de financiamento propio ao proxecto subvencionado: 10 puntos.
- Por achegar máis do 50% de financiamento propio ao proxecto subvencionado: 15 puntos.

O importe do proxecto e actuación sobre o que se realizarán todos os cálculos será sempre co IVE excluído, xa que o IVE non é un gasto subvencionable.

A porcentaxe de financiamento propio sinalada na solicitude vinculará ás interesadas, polo que esta porcentaxe non poderá modificarse unha vez resolta esta convocatoria. Deste xeito, nos posibles incrementos ou diminucións que se produzan na contía da actuación ou proxecto para o que se solicita a subvención manterase en todo caso a porcentaxe de financiamento sinalada na solicitude.

B) Diminución da facturación. Puntuarase a baixada de facturación con respecto ao ano 2019, comparando a media mensual de facturación dos meses con actividade do ano 2019 coa facturación media do ano 2020 e do 2021 ata o 30 de xuño. (ata 5 puntos)

- Para as solicitantes que acrediten unha baixada de facturación nunha porcentaxe superior ao 30% e inferior ao 50%: 3 puntos
- Para as solicitantes que acrediten unha baixada de facturación nunha porcentaxe igual ou superior ao 50% e inferior ao 65%: 4 puntos
- Para as solicitantes que acrediten unha baixada de facturación nunha porcentaxe igual ou superior ao 65%: 5 puntos

No caso de empresas, negocios ou actividades creadas no ano 2019, a baixada da facturación calcularase comparando a facturación media mensual dos meses con actividade do ano 2019 coa facturación media do ano 2020 e do ano 2021 ata o 30 de xuño.

No caso de empresas, negocios ou actividades creadas no ano 2020, a baixada da facturación calcularase comparando a facturación media mensual dos meses con actividade do ano 2020 coa facturación do ano 2021 ata o 30 de xuño.


C) Mantemento e creación de emprego: Puntuarase tanto a creación de emprego por conta allea nos últimos 12 meses anteriores á publicación desta convocatoria como ter mantido o mesmo número de persoas traballadoras por conta allea nos 12 últimos meses anteriores á convocatoria da subvención (ata 3 puntos).

- Por manter o mesmo número de persoas traballadoras nos últimos 12 meses anteriores á publicación da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra: 2 puntos.
- Por ter creado nos últimos 12 meses anteriores á publicación da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra un ou máis postos de traballo por conta allea: 1 punto.

D) Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa. Para acadar puntuación neste criterio achegarase calquera medio que probe de xeito claro e manifesto o emprego normal da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, redes sociais, publicidade, folletos informativos...): 1 punto.

E) Que a presentación da solicitude estea completa, sen teren que facer ningún tipo de requirimento: 1 punto.

6º. 2. Prelación das solicitudes segundo a puntuación obtida:



As solicitudes presentadas ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, de xeito que terán dereito á subvención as solicitudes de maior puntuación ata esgotar o crédito orzamentario destinado polo Concello para esta finalidade.

No caso de que dúas ou máis solicitantes acaden a mesma puntuación e só houbese crédito orzamentario para unha ou algunha delas teranse en conta os seguintes criterios de desempate na orde de prelación na que se relacionan:

- 1º. A maior puntuación obtida no apartado de esforzo máximo da solicitante (base 6ª.1. A)
- 2º. A maior puntuación obtida no apartado de diminución da facturación. (base 6ª.1. B)
- 3º. A maior puntuación obtida no apartado de mantemento e creación de emprego (base 6ª.1.C)
- 4º. A maior puntuación obtida no apartado de emprego da lingua galega (base 6ª.1. D)
- 5º. A maior puntuación obtida no apartado de presentación da solicitude completa (base 6ª.1. E)

Se despois de aplicar os anteriores criterios aínda persiste o empate, terán preferencia as solicitudes que se presentaron antes no rexistro xeral do Concello de Pontevedra.

7ª.) IMPORTE DA SUBVENCIÓN.

A contía da axuda será o importe resultante de restar ao total do orzamento presentado para a actuación ou proxecto ao que se destinará a subvención (sen IVE) a aportación con fondos propios que ten que facer a entidade ou persoa beneficiaria.

A contía da subvención nunca poderá ser superior a 5.000,00 euros, tendo en conta tamén que o Concello só financiará, como máximo, o 70% do custe da actuación ou proxecto (sen IVE) para o que se solicita a subvención.

O orzamento do proxecto ou da actuación presentado polas solicitantes (que terá que ser sempre sen IVE), ou as súas modificacións posteriores, servirán de referencia para a determinación final do importe da subvención, que se calculará aplicando a porcentaxe que corresponda ao custe final da actuación ou proxecto subvencionado.

8ª.) SOLICITUDES, MEDIO E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

1. As solicitudes tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva e a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre elas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base sexta e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

2. A solicitude presentarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado que se obterá de xeito obrigatorio na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>).

Será necesario que quen presente a solicitude teña a representación legal da entidade ou persoa solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade da solicitante.

No caso de que as solicitantes que non estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración non dispoñan dos medios electrónicos necesarios para relacionarse electronicamente coa Administración, o Concello de Pontevedra prestaralles a debida asistencia, poñendo á súa disposición os medios necesarios para tal finalidade.





3. O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do extracto da convocatoria da subvención, que será comunicada ao BOP pola Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos e cos requisitos establecidos no art. 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

9ª) DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA PRESENTAR A SOLICITUDE.

Xunto co formulario normalizado de solicitude, achegarase a seguinte documentación:

1. Se a solicitante é persoa xurídica: copia do documento de constitución da empresa e, de ser o caso, documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade de quen asina a solicitude.

2. Certificado de situación censal actualizado que indique a actividade económica coa data de alta, domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade ou documento equivalente.

3. Alta no réxime da Seguridade Social ou certificado da mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.

4. Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.

5. Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

6. Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda.

7. Documentación necesaria para puntuar as solicitudes:

*** No caso de diminución de facturación:** para acreditar a puntuación por baixada de facturación deberá de presentarse a seguinte documentación, sen prexuízo da acreditación deste apartado mediante a presentación de calquera documento ou por calquera outro medio que sexa válido e admitido en dereito:

- Declaración de IVE anual (modelo 390) dos anos 2019 e 2020.
- Declaracións trimestrais de IVE (modelo 303).
- Declaración trimestral do IRPF (modelo 130) do 4º trimestre do ano 2019 e do 4º trimestre do ano 2020.
- Copias, referidas aos períodos de comparación, de: libro de facturas emitidas e recibidas, libro diario de ingresos e gastos, libro rexistro de vendas e ingresos, libro de compras e gastos.

*** No caso de creación de emprego por conta allea:**

- Informe de datos para a cotización (IDC) da Tesourería Xeral da Seguridade Social das novas persoas contratadas.
- Relación nominal de persoas traballadoras (RNT) incluídas na cotización á Seguridade Social.

*** No caso de mantemento de emprego:**



- Informe de vida laboral completo das persoas traballadoras contratadas.
- Documento de Relación nominal de traballadores á data do mes anterior á publicación desta convocatoria no BOPPO.

* **No caso de emprego da lingua galega** na realización das actividades propias da empresa ou negocio: calquera medio ou documento que acredite o uso normal do galego na actividade propia e ordinaria da empresa, como páxina web, publicidade, cartellaría, etc.

O órgano instrutor do procedemento xestionará de oficio a acreditación de estaren ao corrente coas obrigas fiscais co Concello de Pontevedra.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o servizo responsable da instrución poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas solicitantes.

As deficiencias no expediente de solicitude e as omisións ou defectos nos documentos obrigatorios deberán emendarse previo requirimento no prazo de 10 días dende a data da notificación, na que se indicará que se non se fixera terase por desistido da petición, sendo arquivada a solicitude previa resolución.

Os formularios necesarios para solicitar a subvención estarán dispoñibles na sede electrónica do Concello de Pontevedra.

No caso de dúbida sobre a documentación achegada polas solicitantes será a Comisión de Valoración quen decida.

10ª.) TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN RECIBIDAS.

1. O órgano instrutor do procedemento será o servizo do Gabinete da Alcaldía, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

De acordo con isto, poderá requirírselle á persoa ou entidade solicitante cantos datos, documentos e aclaracións resulten necesarios para completar o expediente, dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos proporcionados e realizar actividades de inspección e verificación para asegurar o axeitado destino das axudas. Nestes casos, cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas pola interesada, poráselle de manifesto antes de redactar a proposta de resolución, para que, no prazo de dez días, alegue ou presente os documentos e xustificacións que coide pertinentes.

2. As actividades de instrución comprenderán:

- a) A petición de cantos informes estime necesarios, que serán emitidos nos prazos regulamentarios, para resolver ou sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións.
- b) A avaliación técnica das solicitudes, segundo os criterios de valoración establecidos nas presentes bases.

3. Unha vez avaliadas as solicitudes segundo o disposto no parágrafo anterior, deberá emitirse un informe pola comisión de valoración da subvención, no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

4. O órgano instrutor, á vista do expediente e da proposta da comisión cualificadora, formulará a proposta de resolución, debidamente motivada, e fará constar expresamente que da información levada a cabo despréndese que as beneficiarias cumpren todos os requisitos precisos para acceder





as axudas. Así mesmo deberá constar de xeito expreso e motivado, a desestimación das solicitudes.

A proposta de resolución conterá unha relación na que figuren as puntuacións obtidas polas entidades ou persoas solicitantes (ordenada de maior a menor), concedéndose ás axudas na orde determinada nesa relación ata esgotar o crédito orzamentario desta convocatoria, sinalándose a axuda que corresponda a cada beneficiaria e as subvencións denegadas, facéndose constar o motivo da denegación.

5. A proposta de resolución non crea dereitos a favor da beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se realice a publicación do acordo definitivo da concesión.

11ª.) COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A comisión de valoración será a encargada de analizar o informe técnico de avaliación das solicitudes presentadas, e propondrá a concesión ou denegación das axudas económicas previstas nas presentes bases.

A comisión cualificadora estará presidida pola concelleira de Réxime Interior, Contratación e Promoción da Cidade, ou por quen legalmente a substitúa, e composta, ademais, polos seguintes membros:

- a) A xefa do Gabinete da Alcaldía ou quen a substitúa, que actuará de secretaria.
- b) A xefa do servizo de Educación e Promoción Económica.
- c) Un técnico/a de emprego do Concello de Pontevedra.

A comisión contará co voto de calidade da presidencia, que será resolutivo. A presidencia da comisión resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes deste órgano.

12ª.) RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

Á vista da proposta de resolución, e despois da fiscalización da Intervención Xeral do Concello, resolverase o procedemento por acordo da Xunta de Goberno Local. O acordo será motivado e conterá, de xeito expreso, a desestimación das solicitudes que non acaden subvención.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución da convocatoria será publicada no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Pontevedra. Se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13ª.) ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

A subvención entenderase aceptada se dentro do prazo de 5 días á publicación da resolución de concesión, as beneficiarias non manifestan nada en contra.



As beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para os que foron concedidos, nos termos establecidos na resolución de concesión da axuda,

De acordo co establecido nos artigos 14 LXS e 11 LSG serán obrigas da beneficiaria:

1. Cumprir o obxectivo e executar a actuación ou proxecto que fundamenta a concesión da subvención. O investimento subvencionado deberá de manterse durante un tempo non inferior a un ano dende a data de concesión desta axuda, agás cesamento da actividade ou outras causas alleas a súa vontade e que deberá acreditar.

2. Manter a actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de seis meses dende a data de concesión da axuda.

3. Comunicar calquera alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas, tales coma o cese da actividade, o cambio de local ou calquera outra modificación das condicións, compromisos e obrigas que se produzan a partir da data de presentación da solicitude da axuda, que poderán determinar a desestimación da subvención ou a modificación da resolución de concesión, logo da tramitación do procedemento que corresponda.

4. Declarar as subvencións e axudas solicitadas ou concedidas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración ou entidade pública ou u privada.

5. Dar publicidade da subvención concedida. A estes efectos, deberá figurar de forma visible e nun lugar destacado do seu local ou establecemento o cartel informativo que lle facilite o Concello, no que constará o financiamento do Concello de Pontevedra, que deberá manterse exposto ata o 31/12/2022. Ademais, os negocios e actividades que teñan webs ou redes sociais deberán dar publicidade da subvención mediante a inserción visible do logo do Concello de Pontevedra, ata o 31/12/2022.

6. Xustificar, ante o órgano concedente, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

7. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Concello de Pontevedra, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o que deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida nos supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei Xeral de Subvencións e 32 e 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

9. No caso de non ser quen de realizar a actuación ou proxecto para o que se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución e, en todo caso, sempre con anterioridade ao vencemento do prazo de execución concedido para o proxecto.

10. As demais obrigas que se establecen no artigo 14 da Lei 9/2007.

O servizo responsable da instrución do procedemento poderá realizar as comprobacións que estime convenientes, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita ao local ou negocio, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas das beneficiarias.

14ª.) MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN DE TRAMITACIÓN E CONCESIÓN DAS AXUDAS.





De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude e que determinará a desestimación da axuda ou a modificación da resolución de concesión.

As beneficiarias deberán de manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de 6 meses dende a data de concesión da axuda.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicarse ao Concello no prazo de 15 días dende que se produzan, especialmente o cambio de local ou establecemento ou a modificación do orzamento do proxecto ou actuación para o que se concedeu a subvención.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada, antes do prazo establecido será causa de reintegro total da subvención.

En todo caso, se a Administración municipal apreciase mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

15ª.) PAGAMENTO DAS SUBVENCIONS.

O aboamento do 100% do importe da axuda poderá realizarse anticipadamente unha vez concedida, co límite da anualidade prevista no exercicio orzamentario, cando as beneficiarias así o soliciten coa presentación da solicitude.

Exímense as beneficiarios da obriga de constituír garantías, segundo o establecido no artigo 42.2b) das Bases de execución do Orzamento Xeral do 2021 do Concello de Pontevedra.

No caso de que non se solicite o pagamento anticipado, o aboamento da axuda realizarase despois de que se aprobe polo órgano competente a conta xustificativa da subvención, que se presentará nos prazos e requisitos establecidos na base 16 desta convocatoria.

16ª.-) XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS RECIBIDAS.

1. As entidades e persoas beneficiarias están obrigadas a xustificar a subvención concedida. A conta xustificativa da subvención presentarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado que se obterá de xeito obrigatorio na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>). No caso de que as solicitantes que non estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración non dispoñan dos medios electrónicos necesarios para relacionarse electronicamente coa Administración, o Concello de Pontevedra prestaralles a debida asistencia, poñendo á súa disposición os medios necesarios para tal finalidade.

O prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención rematará o 31/03/2022.

2. O sistema de xustificación será a conta xustificativa simplificada prevista no artigo 75 do Real Decreto 887/2006, polo que as beneficiarias deberán de facilitar a seguinte información:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Aplicado a esta subvención a memoria consistirá en describir a actuación realizada no establecemento comercial, local ou centro de traballo e explicar a súa utilidade para o beneficiario, achegando evidencia da súa realización mediante material gráfico.

b) Unha relación clasificada de gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión das facturas e data de pago.

Só se admitirán os gastos encadrados nalgunha das categorías enumeradas na base 5ª, que foran efectivamente realizados e pagados entre o 14/03/2020 e o 31/12/2021. De acordo con isto, as datas das facturas e as datas do seu pagamento deberán estar comprendidas dentro do dito período.

Deberán indicarse tamén as desviacións que se producisen no orzamento presentado para a



actuación ou proxecto subvencionado, detallando o seu incremento ou diminución.

Nesta subvención, a relación de gastos consiste nunha listaxe de facturas, indicando:

- A actuación a que corresponde.
- Data e número da factura (só se admitirán facturas datadas entre o 14/03/2020 e o 31/12/2021).
- Importe, IVE excluído.
- Proveedor: nome ou razón social e NIF.
- Descrición dos bens ou servizos proporcionados.
- Forma de pagamento.
- Data de pagamento (só se admitirán facturas pagadas entre o 14/03/2020 e o 31/12/2021).

As facturas que xustifican a subvención deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

c) Xustificantes de transferencia bancaria dos pagos por operacións de importe igual ou superior a 2.500€. En aplicación da Lei 7/2012 non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 2.500,00 €, polo que deberá de acreditarse coa presentación da conta xustificativa da subvención que as ditas operacións non se realizaron en efectivo.

d) Un detalle doutros ingresos que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como os xuros derivados destes.

O servizo xestor comprobará, a través das técnicas de mostraxe baseadas nun sistema aleatorio, a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da axuda. Para isto requirirá ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gasto e pago e demais documentación que considere precisa.

Desa comprobación darase conta á Intervención Xeral, se ben estes expedientes poderán ser incluídos nas comprobacións efectuadas no marco do control financeiro definido no artigo 91ª das Bases de execución do orzamento xeral 2021 do Concello de Pontevedra.

17ª.) PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS.

Estas bases reguladoras e a concesión das subvencións publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións, conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Ademais, en aplicación da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as bases e máis a resolución da convocatoria de concesión con indicación do seu resultado (solicitudes inadmitidas, concedidas, denegadas- cos motivos de denegación- ou desistidas), publicaranse na sede electrónica do Concello de Pontevedra, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das solicitantes e a referida publicidade.

18ª.) REINTEGRO DE SUBVENCÍONS.





No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade para a que se concedeu a subvención, o Concello de Pontevedra esixirá ás beneficiarias o reintegro das cantidades correspondentes e máis os intereses que correspondan, de acordo co procedemento establecido na Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Pontevedra e demais normativa de aplicación.

19ª.) PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007 e no Título II da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Pontevedra.

20ª.) TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Pontevedra ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 - RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Pontevedra no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As solicitantes poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Pontevedra). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

21ª.) RECURSOS QUE PODEN INTERPOÑERSE.

Contra estas bases, cuxo acordo de aprobación pon fin á vía administrativa, poderanse interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición, ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Pontevedra.



2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo do Concello de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Pontevedra.

